

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 15252/407 e 14992/407

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 6 DE XUÑO 2023”

ASISTENTES:

Presidente: M^a José Caride Estévez
Vocais: José Riesgo Boluda. Secretario da XMU
Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral
Juan González Ramírez, Xefe dos Servizos centrais
Montserrat Campos Bestilleiro, Técnica de Admón. Xeral
Beatriz Rodríguez Yáñez, Técnica de Admón Xeral

Secretaria: Purificación Vega Rubio, Xefa da oficina

DATA: 6 de xuño 2023

HORA: 10,30 horas

OBXECTO:

- Proposta de adxudicación do servizo de limpeza.
- Apertura e clasificación das proposicións presentadas no contrato de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo e apertura, se procede, dos criterios disponibles mediante xuízo de valor (Sobre B)

LUGAR: sala de xuntas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Sendo as 10,35 horas estando presentes os membros da Mesa de Contratación arriba sinalados, existindo quórum suficiente, iniciase a reunión.

1. APROBACION DE ACTA DA SESIÓN 11 DE MAIO 2023 (Expte 15252/407)

A Mesa acorda aprobar a Acta da sesión de 11 de maio 2023.

2. PROPOSTA DE ADXUDICACION. (Expte 15252/407)

Na sesión de 11 de maio, acordouse requirir ó licitador clasificado en primeiro lugar, Samyl Facility Services, S.L, para que no prazo máximo de dez días hábiles, presente a documentación sinalada na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas.

O xefe dos Servizos Centrais, informa de que a documentación presentada en prazo é correcta segundo o informe de data 2 de xuño 2023, que se transcribe a continuación:

“... ”

2.- Revisión da documentación achegada.

Con data 26.05.2023 pola entidade SAMYL FACILITY SERVICES S.L. achégase a documentación requirida, mediante presentación no rexistro electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo (documento núm. 230149571):

- *Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, de data 12.12.2022, acompañado de declaración responsable da vixencia dos datos recollidos en tal*



EXPEDIENTE : 15252/407 e 14992/407

inscrición. Faise constar a petición de oficio de dito certificado por esta Administración, achegándose igualmente ao expediente o emitido en data 16.05.2023, recollendo ambos, cos efectos sinalados polo artigo 96.1 da LCSP:

- A inexistencia de prohibicións vixentes para contratar.
- A posesión da clasificación Grupo U, Subgrupo 1 e Categoría 5, cubrindo a exigida como clasificación alternativa para acreditar a solvencia económica e financeira e técnica e profesional no PCAP (Grupo U, Subgrupo 1, Categoría 1).
- A inscrición de poder de representación, a nome de D. JUAN GUTIERREZ PEREZ DE LIS, para actuar como administrador solidario de SAMYL FACILITY SERVICES S.L., outorgada en fecha 06.10.2009, con carácter indefinido, ante el Notario D. José Luis Prada Perez Moneo, con el número 1736 de su protocolo y con facultades para

“Contratar con el Estado, la Comunidad Autónoma, la provincia, la mancomunidad, el municipio, entidades paraestatales, organismos autónomos, organismos gestores de la Seguridad Social, de la Hacienda Pública y de la Sanidad, corporaciones de Derecho Público, Asociaciones, fundaciones y personas físicas y/o jurídicas en general”.

...

Constituir, en caso de la adjudicación, el depósito o la fianza definitiva y retirarla en su día.

Concurrir al otorgamiento de la correspondiente escritura pública en la que asumirá en nombre de la empresa el compromiso de cumplir todas las condiciones fijadas”

...”

- A determinación do obxecto social recollido pola entidade, sinalando entre as súas finalidades a realización de:

“Servicios de limpieza en general, tales como limpieza de edificios, locales comerciales, industriales, exteriores, viales, montes, márgenes fluviales, y en general, todos aquellos servicios de limpieza que la sociedad demande”

- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas coa Seguridade Social de data 24.05.2023.
- Certificado de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT de data 24.05.2023.
- Aval bancario por importe de seis mil trescentos trinta euros (6.330,00€), cubrindo o importe sinalado no PCAP, e documento xustificativo do seu depósito (núm. 202300122911)
- Anexo do PCAP “Nomeamento do delegado do contrato” e “compromiso de adscrición de medios técnicos e humanos”.

En canto a inexistencia de débedas co Concello de Vigo, consta no expediente certificación que así o acredita de data 31.05.2023.

Consta igualmente no expediente:

- Certificación emitida polo Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia en data 16.05.2023 onde, entre outros aspectos recóllese o cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma de Galicia mediante certificado emitido en data 20.01.2023 con validez ata o vindeiro 20.07.2023.
- Escritura de elevación a público de acordos sociais de data 29.10.2021, ante o Notario do Ilustre Colexio de Castilla e León, D. Ignacio Cuadrado Zuloaga, número 4191 do seu protocolo, recollendo o cambio de denominación social da entidade ao actual “SAMYL FACILITY SERVICES S.L.”.
- Copia da tarxeta de identificación fiscal da entidade.”

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 15252/407 e 14992/407

Á vista dos antecedentes, a Mesa de Contratación, de forma unánime propón ó Consello da Xerencia, como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Adxudicar á entidade “SAMYL FACILITY SERVICES, S.L.” con CIF B-47.037.577 a contratación do servizo de limpeza do edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo, por un prazo de dous anos, e un prezo de adxudicación, IVE incluído, de CENTO CINCUENTA E TRES MIL CENTO OITENTA E SEIS EUROS (153.186,00 €)

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, procedendo, igualmente, á súa publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público.”

3. DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES. (Expte 14992/407)

Procédese á lectura do listado de licitadores presentados ó procedemento de contratación da redacción do Plan Especial de protección do Ensanche Histórico (expediente 14992/407), segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público:

- SETEOITAVAS S.COOP. GALEGA
- OFICINA DE PLANEAMENTO S.A.

Finalizada a lectura dos licitadores presentados, os membros deste órgano de asistencia subscriben a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses cos licitadores presentados a este procedemento, nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da XMU na súa sesión de 3 de marzo 2020.

4. APERTURA DO SOBRE A E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. (Expte 14992/407)

Detéctase un erro de presentación na oferta presenta pola empresa SeteOitavas Sociedad Cooperativa Galega (F-27870997), a oferta foi presentada con pegada dixital, e non completaron o proceso conforme ó establecido na cláusula 14 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, no que se establece o seguinte:

“No suposto de que, por razóns técnicas de comunicación, non puidese facerse efectiva a entrega da proposición mediante a canle electrónica, obterase un xustificante de presentación da pegada dixital ou resumo correspondente da oferta. Este xustificante ou resumo entregarase no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo. Se a presentación no Rexistro Xeral non fose posible, o xustificante enviarase ao correo de contacto municipal: urb.scentrais@vigo.org

*O licitador, neste suposto, presentará os sobres en soporte electrónico no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo no prazo das 24 horas posteriores á data límite de presentación das proposicións. En ningún caso deberán presentarse documentos non encriptados. **A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador.**”*

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 15252/407 e 14992/407

Tendo en conta o anterior, pídesse informe a Oficina do Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, da presentación de documentación a nome do licitador indicado, achegando a dita Oficina informe no que se fai constar:

“Que a entidade SETEOITAVAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F27870997, non presentou neste Rexistro (electrónico, SIR, presencial ou por correo) oferta ningunha á licitación do contrato de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo (expediente 14992/407), no prazo estipulado que rematou o 9 de maio de 2023 e nas 24 horas seguintes (ata as 23:59 do 10.05.2023).”

En conclusión, a técnica de Admón Xeral dos Servizos Centrais xustifica que a oferta presentada pola entidade Seteoitavas S.C.G. non debe ser admitida no proceso de contratación ao non completar a súa presentación, tendo en conta tamén o establecido na disposición adicional decimosexta da Lei de Contratos do Sector Público, que regula o uso de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos de contratación, establecendo no seu apartado 1.h) da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que:

“En los procedimientos de adjudicación de contratos, el envío por medios electrónicos de las ofertas podrá hacerse en dos fases, transmitiendo primero la huella electrónica de la oferta, con cuya recepción se considerará efectuada su presentación a todos los efectos, y después la oferta propiamente dicha en un plazo máximo de 24 horas. De no efectuarse esta segunda remisión en el plazo indicado, se considerará que la oferta ha sido retirada”

Visto o que anteceda, a Mesa acorda por unanimidade:

“Considerar retirada a oferta presentada e, en consecuencia, excluír da licitación correspondente á contratación do servizo de redacción do Plan Especial de Protección do Ensanche Histórico de Vigo, á entidade SETEOITAVAS SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, con NIF F27870997”.

Procédese a apertura do sobre A da oferta presentada pola outra entidade recollida na Plataforma de Contratos do Sector Público, cualificándose os documentos que a compoñen tras a súa descrición, pola secretaria da Mesa de Contratación.

Respecto a documentación presentada pola empresa Oficina de Planeamento, S.A. é conforme ó establecido na cláusula 14.A do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares:

Documento europeo único de contratación, (DEUC) e o Anexo II e, no seu caso, a declaración responsable do Anexo III.

A mesa acorda por unanimidade admitir o licitador Oficina de Planeamento S.A.

5. APERTURA CRITERIOS BASADOS EN XUIZO DE VALOR. (Expte 14992/407)

Procédese a apertura dos criterios basados en xuízo de valor “Sobre B”, previa descrición, conforme ó establecido na cláusula 14.B do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Unha vez descargada a documentación achegada polo único licitador admitido a Mesa acorda por unanimidade dar traslado, á Comisión Técnica para su valoración.

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



EXPEDIENTE : 15252/407 e 14992/407

Non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a reunión ás 10:50 horas do día arriba sinalado. De todo o tratado eu secretaria dou fe.